


Para consultar as datas de exames a través do calendario Google, teña en conta o seguinte:


NAVEGAR POLO CALENDARIO

1. Neste calendario sempre se visualiza automaticamente a data de hoxe.
2. Se nese momento non ve o mes que lle interesa, utilice as frechas de navegación situadas na parte superior esquerda da pantalla para situarse no mes que desexe.

Calendario provisional de probas oficiais e libres



3. Para que a consulta de datas sexa máis doada, é posíbel seleccionar só o idioma ou idiomas que interesan. Na parte superior dereita do calendario, na frecha que hai ao lado de *Agenda*, despregue o menú e risque ao lado dos calendarios que lle interesa ver.



4. Non sempre se visualizan todos os eventos (exames, etc.) programados para o mesmo día porque non caben na pantalla. Nese caso, para visualizar toda a información, prema sobre [+_ máis](#).



PROBAS DE EXPRESIÓN ORAL

1. O alumnado será convocado oficialmente para realizar a proba de expresión oral no día e hora que determine o departamento

correspondente. O feito de que haxa máis de un día para a realización de ditas probas, non implica que o alumnado poida elixir o día e hora no que se vaia presentar. Polo tanto, todo/a alumno/a deberá consultar as convocatorias ou chamamentos concretos das probas de expresión oral, que se poderán publicar mesmo ao finalizar a proba escrita.

2. As convocatorias concretas para as probas de expresión oral publicaranse nun documento .pdf que se poderá descargar desta mesma web, ben directamente desde o calendario Google, ou ben desde a seguinte ligazón:

http://www.eoisantiago.org/calendario_examenes_convocatorias.php

Igualmente, poderanse consultar estas convocatorias na cristaleira de entrada da EOI de Santiago ou no espazo habilitado para tal fin nas seccións.

ABREVIATURAS

1. As abreviaturas que se utilizan no calendario son as seguintes:

- Bás = Básico
- Int = Intermedio
- Av = Avanzado
- E = Escrito
- O = Oral
- Rev = Revisión